

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 03 Maio 2015 00:21



Juan Francisco Ferreira González, 47 anos de idade e natural de Vilaza, repetirá como candidato á alcaldía do concello de Gondomar polo PsdeG-PSOE. Actualmente exerce como secretario xeral desta agrupación así como concelleiro da corporación municipal. Acompáñalle como número dous da lista Nuria Lameiro Valverde (33), da asociacións veciñal de Vincios e campioa de España en atletismo. A candidatura á Entidade Local de Morgadáns estará ecabezada por Sofía Chamadoira Gómez (26), empresaria e natural do barrio da Pedra.

Ferreira, que até o 2011 exercera como xefe da policía local de Gondomar, na actualidade actúa como avogado en exercicio, cun master en urbanismo e medio ambiente, segundo fai constar na presentación da candidatura municipal. A súa agrupación conta na actualidade con dous representantes na corporación, sendo Ferreira o voceiro da mesma, "e encarado de controlar e fiscalizar a nefasta xestión do goberno do PP e do CDL", segundo sinala no comunicado.

Asegura presentarse a estas eleccións cunha "lista cremallera" entre homes e mulleres para a alcaldía de Gondomar, con todo opta que sexan as mulleres quen leven o peso e a responsabilidade da candidatura á Entidade Local Menor de Morgadáns, "xa que a candidata é a única muller socialista que afronta este reto na súa historia". Trátase de Sofía Chamadoira Gómez, de 26 anos, empresaria e natural do barrio da Pedra, séguenlle como suplentes Rocío Chamoirá Alonso, Teresa Salgueiro Ferreira, Álvaro González Costa e Mauro Misa Pereira.

Confía nesta candidatura que "combina a experiencia de con a mocidade, e basea a súa proposta nunha lista integrada por homes e mulleres capacitadas e formadas para sacar do anacronismo e do desgoberno ao concello de Gondomar despois nefastos gobernos anteriores".

Asegura contar coa experiencia suficiente na administración local da que é funcionario desde 1989, e que deixou para pasarse á empresa privada como avogado. Estivo desde fai máis de

20 anos vinculado aos servizos xurídicos de UGT e como profesor da AGAP.

De número 2, acompañalle Nuria Lameiro Valverde, de 33 anos, presidenta da asociación de veciños de Vincios, técnica de urxencias sanitarias, técnica en actividades físicas e animación deportivas, adestradora nacional de atletismo, ex-atleta e campioa de España de atletismo.

De número 3, Juan Antonio González Rodríguez, de 56 anos, empresario e profesor de seguridade vial e tráfico, expresidente do Club de Fútbol Gondomar. (Gondomar).

De número 4, Iria Lamas Salgueiro de 34 anos, arquitecta técnica e enxeñeira da edificación. (Santa Baia)

De numero 5, José Chamorro González, de 38 anos de idade, empresario e axente de seguros. (Vincios).

De número 6, Rocío Goberna Sousa, de 28 anos, presidenta da comunidade de montes da parroquia de Chain e vinculado ao mundo asociativo desde fai máis de 20 anos, empresaria de hostelería e vinculada ao mundo artístico. Borreiros.

De número 7, José Luis Alonso Troncoso, de 45 anos, empregado do metal. Chaín.

De número 8, Esmeralda Ferreira Lorenzo, de 38 anos, administrativa e xerocultura. Peitieiros.

De número 9, Alfonso Rodríguez Álvarez, de 42 anos, empregado da construción. Mañufe.

De número 10, Rocío Chamadoira Alonso, de 34 anos, dependenta e sociosanitaria. Morgdás.

11.- Mauro Misa Pereira.

12.- Purificación Caeiro Rodríguez.

13.- José Paulino Rodríguez Fernández .

14.- María de los Ángeles López Núñez

15.- Moisés Vila Alonso.

16.- Silvia Rodríguez Reñones.

17.- Guillermo Hernández Cerviño.

18.- Sofía Chamadoiro Gómez.

19.- José Mario González González.

20.- Begoña Vila Fernández.

21.- Andrés Carlos Iglesias Fernández

22.- María Yolanda Roade García.

23.- Elaido Pintos Álvarez

24.- Sehila Expósito Ferreira

25.- Serafín Fernández Rodríguez

26.- Verónica Fernández González

27.- José Manuel González Román